



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Pedagogía social	Código	652G03006	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Barba Núñez, María	Correo electrónico	maria.barba@udc.es	
Profesorado	Barba Núñez, María	Correo electrónico	maria.barba@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Materia de formación básica que pretende desenvolver competencias asociadas ao coñecemento dos distintos ámbitos de profesionalización da educación social e a comprensión das distintas dimensións relacionadas coa intervención pedagóxico-social. Pretende achegar elementos de análise sobre o sentido da intervención pedagóxico-social, á luz dos valores e dos paradigmas científicos desde os que pode comprenderse a acción socioeducativa, poñendo en valor o propio contexto que condiciona a intervención. A súa metodoloxía esencialmente dialóxica pretende achegar contidos e procedementos que permitan desenvolver activamente a reflexión, o debate e o cuestionamento crítico dos temas obxecto de estudo, e colaborar no desenvolvemento de actitudes favorables ó cambio social e educativo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Recoñecer os diferentes campos de profesionalización da educación social e identificar novos ámbitos emerxentes sinalando as razóns da súa evolución	A1 A5 A16		
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.	A20		C1
Escoller e optar criticamente por fontes de coñecemento, procedementos e recursos tecnolóxicos que redunden nunha escolla contrastada da información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Determinar razoadamente os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa nos seus ámbitos de actuación, poñendo en relación as súas implicacións e considerando as achegas bibliográficas máis relevantes	A2 A3 A5 A14		
Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa á luz dos diferentes modelos teóricos contextualizando a súa evolución en Galicia e no conxunto do estado	A3 A5 A16		
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa nos diferentes ámbitos de profesionalización da educación social.	A5 A14		
Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo	A2 A3 A14		
Emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional, partindo de diagnoses fundamentadas e contextualizadas	A14 A16		
Mostrar unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos poñendo en valor estratexias comunicativas basadas na escoita activa, a empatía e o emprego normalizado de linguas minorizadas	A20	B5	C1



Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.	A14	B2	
Mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión ao expresar opinións e posicionamentos e nas propias actuacións		B3 B5	
Caracterizar a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional desde os seus inicios ate a actualidade, recoñecendo as razóns que explican a súa evolución.	A1 A16		
Asumir activamente os principios dunha cultura profesional colaborativa, valorando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade para resolver retos académicos asociados á asignatura	A20	B3	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A EDUCACIÓN SOCIAL COMO OBXETO DE ANALISE E INTERVENCIÓN	1.1. Análise conceptual da Educación. 1.2. A socialización dos individuos: aproximación a súa caracterización e problemática actual. 1.3. A evolución dos discursos e prácticas socioeducativas: perspectiva asistencial versus perspectiva pedagóxico-social.
2. A PEDAGOXÍA SOCIAL COMO MARCO CIENTÍFICO, DISCIPLINAR E PROFESIONAL	2.1. Análise conceptual e evolución histórica da Pedagogía Social. 2.2. A Pedagogía Social e as Ciencias Sociais: a problemática da interdisciplinariedade. 2.3. Os modelos paradigmáticos da Pedagogía Social. 2.4. A proxección profesional da Pedagogía Social.
3. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN PEDAGÓXICO-SOCIAL	3.1. Política social, traballo social e servizos sociais. 3.2. Animación Sociocultural e desenvolvemento comunitario. 3.3. A Pedagogía do tempo libre e do lecer. 3.4. A Pedagogía Social na inadaptación e a marxinación social. 3.5. Educación social e institución escolar
4. OS PROCESOS METODOLÓXICOS NA INTERVENCIÓN PEDAGÓXICO-SOCIAL	4.1. A metodoloxía na intervención social: aspectos conceptuais e procedimentais. . 4.2. O deseño de programas socioeducativos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B5 C6	5	0	5
Aprendizaxe colaborativa	A20 B2 B3 C6	10	25	35
Discusión dirixida	A2 A3 A5 A14 A16	10	0	10
Lecturas	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B2 C1 C6	0	15	15
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A16 C6	10	15	25
Solución de problemas	A14 B2 C6	0	10	10
Proba de ensaio	A1 A3 A5 A14 A16	0	10	10
Simulación	A2 A5 A14 B3	5	0	5
Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B2	2	18	20
Atención personalizada		15	0	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Desenvolvemento dunha actividade de indagación sobre coñecementos previos do alumnado, en relación ás temáticas obxecto de estudo. Pode realizarse en gran grupo como elemento previo que permita tender pontes entre os coñecementos/vivencias/actitudes do alumnado e as temáticas obxecto de estudo presentadas a través da lección maxistral, discusión dirixida, etc. Tamén en pequeno grupo como forma de abordar os puntos de partida desde os que cada alumno/alumna se achega ás cuestións que son obxecto de debate ou motivo da resolución de problemas.
Aprendizaxe colaborativa	Actividades propostas para que o alumnado en pequeno grupo resolva supostos desenvolvendo estratexias de cooperación na aprendizaxe. É tamén o baseamento para a adquisición de estratexias procedimentais e actitudinais desde as que abordar o traballo en equipo e a solución de problemas de diversa índole de maneira dialóxica, complementando xeitos diferentes de pensar á realidade e competencias diversas.
Discusión dirixida	Formulación de problemas ou antinomias nas que deben desenvolverse argumentos de diverso carácter sobre os temas propostos, de maneira ordeada e respectuosa cos posicionamentos non compartidos. Preténdese asentar procedementos e actitudes favorecedoras da escoita activa, a empatía e a facilitación de relacións na abordaxe de problemas complexos.
Lecturas	Lecturas complementarias e de profundización nas temáticas abordadas pola materia que permitan achegar marcos de referencia para a análise crítica da intervención pedagóxico social.
Sesión maxistral	Presentación dos aspectos máis significativos dos elementos temáticos da asignatura que estruturan as sesións expositivas e dan sentido as sesións interactivas. Acompáñase habitualmente de actividades iniciais e de distintos recursos que pretenden &quot;activar&quot; ao alumnado na procura de aprendizaxes significativas e contextuais.
Solución de problemas	A abordaxe de problemas socioeducativos reclama a consideración de puntos de vista diferentes. Unha posibilidade para achegarnos ás distintas visións dunha realidade son os xogos de roles orientados a superación dun reto ou problema. Esta metodoloxía artículase desde a construción e defensa dun determinado rol ou punto de vista, no marco dunha dinámica grupal orientada ao desenvolvemento da racionalidade argumentativa, e da discusión respectuosa de posicionamentos encontrados, co obxectivo de achegar solucións a unha problemática concreta
Proba de ensaio	A través dun comentario de texto, no que se pode utilizar a documentación empregada para o estudo dos distintos temas da materia. A través desta proba se pretende comprobar o desenvolvemento de distintas competencias asociadas á materia: capacidade de análise, síntese e desenvolvemento de reflexións argumentadas e coherentes.
Simulación	Posta en escea dunha problemática simulada relacionada coa profesión do/a educador/a social, sobre a que se deben asumir posicións argumentadas, valorando distintas posibilidades e sendo autocríticos respecto das posicións iniciais.
Portafolios do alumno	Traballo reflexivo do estudante de elaboración individual ou en pequeno grupo e no que se reflicten as dinámicas das sesións interactivas en relación cos elementos abordados nas sesións expositivas. Valórase a capacidade crítica e reflexiva, así como a capacidade para identificar marcos de referencia que acheguen sentido e profundidade de análise as prácticas realizadas nas sesións interactivas.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Simulación Solución de problemas Discusión dirixida Aprendizaxe colaborativa Actividades iniciais Proba de ensaio	A atención personalizada, ben en sesións de aula, ou en titorías en pequeno grupo ou individuais relaciónase coa necesidade dun seguimento do traballo do alumnado cando se empregan as metodoloxías sinaladas, e, especialmente na realización do portafolio e da conexión das actividades relacionadas coas clases interactivas e expositivas.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Portafolios do alumno	A1 A2 A3 A5 A14 A16 B2	<p>Traballo reflexivo do estudante que se pode facer de maneira individual ou en pequeno grupo e no que se reflicten as dinámicas das sesións interactivas en relación cos elementos abordados nas sesións expositivas.</p> <p>O portfollio pretende ser a memoria documentada dun proceso creativo e educativo, no que se recolle a súa evolución, de tal maneira que sexa posible apreciar un ?relato coherente? que permita recompoñer unha determinada traxectoria temática. As competencias que se pretende valorar a través da realización e presentación do Portfollio teñen que ver coa capacidade de análise, síntese, reflexión e interpretación de situacións, información relevante, etc.</p> <p>Os criterios de avaliación son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Profundidade da reflexión a partir da propia participación nas dinámicas desenvolvidas nas sesións interactivas.</li><li>- Grao de relación co marco teórico de referencia aportado nas sesións expositivas e nas lecturas recomendadas para cada temática.</li></ul>	60
Proba de ensaio	A1 A3 A5 A14 A16	<p>Comentario de texto que pretende a comprobación sobre o grao de desenvolvemento de distintas competencias asociadas á materia. Terá en conta o desenvolvemento dos contidos presentados nas sesións maxistras e traballados nas actividades realizadas polo alumnado. A súa realización pódese apoiar na documentación achegada e noutras lecturas realizadas. É posible levar a documentación para a súa consulta no momento de realización da proba.</p> <p>Os criterios de avaliación relacionados con esta proba son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Identificación da/s idea/s principais e secundaria/s do texto a través dun resumo breve. Se se empregase a modo de resumo un mapa conceptual ou un esquema deberán ser suficientemente completos e explicativos respecto dos conceptos/ideas e da súa relación (estrutura do texto). Valórase, por tanto, a capacidade descritiva e de síntese.</li><li>- Ampliación dos conceptos ou ideas contidas no texto de referencia, e a súa asociación con outros conceptos e/ou ideas, ou o seu contraste ?matizacións ou puntos de vista encontrados- que outros autores/as defenden, estimando a capacidade argumentativa.</li><li>- Cando empreguemos os argumentos dun autor ou autora (ou os datos e/ou propostas dun estudo/informe concreto) coas nosas propias palabras citaremos a fonte.</li></ul>	40

### Observacións avaliación

Para aprobar a materia será preciso que cada un dos elementos de avaliación estean aprobados. Se algún dos elementos está aprobado e o outro non, gardarase para a segunda oportunidade a cualificación do elemento aprobado e só terá que recuperar o suspenso.

Para o alumnado que por razóns debidamente acreditadas (alumnado matriculado a tempo parcial ou ao que sobreveña algunha continxencia laboral e/ou persoal) non teña unha asistencia sistemática, fundamentalmente ás sesións interactivas, admítirase a dispensa académica, cunha asistencia mínima do 25%. A avaliación consistirá na proba de ensaio, vía comentario de texto, coas características e criterios citados e a realización do portafolios orientarase cara a lecturas coas correspondentes reflexións arredor das temáticas abordadas na materia. Ao alumnado daráselle unha guía relacionada coas temáticas e lecturas de referencia para orientar as reflexións.

### Fontes de información



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<p>ANDER-EGG,E (1989): La animación y los animadores, Narcea. Madrid. APPLE,M (1997): Política cultural y educación, Morata, Madrid. BERGER,P.L. (ed.1999): Los límites de la cohesión social. Conflicto y mediación en las sociedades pluralistas. CL, BarcelonaBORJA,J. y CASTELLS, M (1997): Local y global. La gestión de las ciudades en la era de la información. Taurus, Madrid. BUENO ABAD,J.R. (1991): Hacia un modelo de Servicios Sociales de Acción Comunitaria, Popular, Madrid.CABALLO, M.B.; CANDIA, F.X.; CARIDE,J.A. y MEIRA, P.A. (1996): 131 conceptos clave en educación social. USC. Compostela. CALVO, A. (2002): La animación sociocultural. Una estrategia educativa para la participación. Alianza editorial, Madrid.CANDEDO, Mª D.(coord, 2013): A educación: ¿dereito ou mercadoría? Laiovento, Ames CARIDE, J.A. (coord, 2.000): Educación social y políticas culturales. Tórculo Edicións, USC, Santiago de Compostela. CARIDE, J.A. (2005): Las fronteras de la Pedagogía Social. Perspectivas científica e histórica. Gedisa, Barcelona. DELORS,J (coord, 1996): La educación encierra un tesoro, Santillana, UNESCO, Madrid. FERMOSE,P (1994): Pedagogía Social, Herder, Barcelona.FREIRE,P (1990): La naturaleza política de la educación. Cultura, poder y liberación. Paidós/MEC, Barcelona.FREIRE,P (1993): Pedagogía de la esperanza, Siglo XXI, Madrid. FROUFE,S E SANCHEZ,M.A. (1990): Planificación e Intervención Socieducativa ,Amarú Eds, Salamanca.GIMENO SACRISTAN, J (2001): Educar y convivir en la cultura global, Morata,Madrid. GIROUX, H (2001): Cultura, política y práctica educativa. Graó, BarcelonaLOPEZ HIDALGO,J (1992): Los Servicios Sociales, Narcea, Madrid.LUQUE DOMINGUEZ, P.A. (coord, 2001): Educación y valores democráticos: claves para una educación ciudadana. PPU, Barcelona. LUZURIAGA,L (1993): Pedagogía Social y política, CEPE, Madrid.MARCHIONI,M (1987): Planificación social y organización de la comunidad Edit. Popular, Madrid.MARTIN, T (coord, 2000): Planificación y diseño de proyectos en Animación Sociocultural. Sanz y Torres, Madrid. MARTINEZ, A (Edt,1991): Pedagogía de la marginación, Edt. Popular, Madrid.MARTINEZ BONAFÉ, J (coord, 2003): Ciudadanía, poder y educación. Graó, Barcelona. NUÑEZ, V (Coord. 2002): La educación en tiempos de incertidumbre: las apuestas de la Pedagogía Social, Gedisa, BarcelonaORTEGA,J (1999): Educación social especializada, Ariel, Barcelona. PEREZ SERRANO, G (1990): Investigación-acción: aplicaciones al campo social y educativo, Dykinson, Madrid.PETRUS, A (Coord. 1997): Pedagogía Social , Ariel, Madrid. PUIG,J.M. e TRILLA, J (1987): Pedagogía del ocio, Laertes, Madrid.QUINTANA, J.M. et alter (1992): Fundamentos de Animación Sociocultural, Narcea, Madrid.ROMANS, M.; PETRUS, A.; TRILLA,J (2000): De profesión educador(a) social. Paidós, Barcelona. ROSELLÓ, D (2004): Diseño y evaluación de proyectos culturales, Ariel, BarcelonaSAEZ, J (2003): La profesión de los educadores sociales: en busca de la competencia educativa cualificadora, Dykinson, Madrid. SAEZ, J (Coord. 2007): Pedagogía social y Educación social, Pearson Educación, MadridSARRAMONA,J (Ed. 1992): La educación no formal , CEAC, Barcelona.TRILLA,J (1993): Otras educaciones, Anthropos, Barcelona.TRILLA,J (Coord. 1997): Animación sociocultural. Teorías, programas y ámbitos. Ariel, Madrid.UCAR, X (1992): La animación sociocultural, CEAC, BarcelonaV.V.A.A. (1989): Procesos socioculturales y participación, Edit. Popular, Madrid.V.V.A.A. (1989): Actas del I Congreso sobre Educación Social en España CIDE/MEC. Madrid.V.V.A.A. (1990): La ciudad educadora, Ajuntament de Barcelona, Barcelona.V.V.A.A. (1991): El educador social. Presente y futuro. Guek, Bilbao.V.V.A.A. (1992): Guía metodológica de apoyo a proyectos y acciones para el desarrollo.IEPALA, Madrid. V.V.A.A. (2002): A Acción municipal en cultura, deportes e xuventude na provincia da Coruña, Deputación Provincial. A CoruñaVEGA,A (1989): Pedagogía de los inadaptados sociales, Narcea, Madrid.VENTOSA, V.J. (1992): Educación Social, Animación e Instituciones, Edit.CIS. Madrid.</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- ÚCAR, X.; LLENA, A. (coords.) (2006). Miradas y diálogos en torno a la acción comunitaria.. Graó, Barcelona.</li> <li>- Castro, M (Coord) (2008 ). Educación Social e escola . NEG-CEESG, Santiago de Compostela</li> <li>- VVAA (2016 ). Revista de Pedagogía Social, nº 27 La pedagogía social en el mundo . Revista Interuniversitaria</li> <li>- Vega Fuente, A (2013). La educación social en la escuela, complemento imprescindible. Revista Educación Social</li> <li>- VVAA (2017). RGE nº 66 Infancias, desprotección social e educación . Nova Escola Galega- Santiago de Compostela</li> <li>- VVAA (2017). RGE nº 67 Educación e servizos sociais. Nova Escola Galega- Santiago de Compostela</li> </ul>

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías